



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día vinte e tres de xuño de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcadesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS CON DATA 29/04/2016, 04/05/2016, 31/05/2016 E 09/06/2016.

Sométese a votación a redacción das actas correspondentes ás sesións celebradas con datas 29/04/2016, 04/05/2016, 31/05/2016 e 09/06/2016.

En relación coa acta da sesión celebrada con data 29 de abril de 2016, o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, propón unha corrección á redacción da mesma. Concretamente na páxina 4 de 6, onde di "*nin sequera foron a ver que fixeron con eles*", debería poñer "*que foron a ver o terreo e medilo para darlle os tubos*".

Por parte da Secretaria municipal explícase aos/ás presentes que á hora de redactar as actas trata de ser o mais concreta posible, cinguíndose ao fondo dos asuntos e recollendo unha relación sucinta do debatido. No caso de que existan observacións ás actas, serán debatidas e se votarán as rectificacións que procedan.

Por parte da Alcaldía se manifesta que non se lembran especificamente dos comentarios concretos feitos sobre este tema.

Non formulándose mais observacións, sométese a votación a corrección proposta co resultado seguinte:

- Votos a favor: dous (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

En relación co resto das actas que se someten a aprobación non se formulan comentarios ao respecto, resultando aprobadas co resultado seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: dous (PSdG-PSOE)
- Abstencións: cero



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

SEGUNDO.- DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL A XUÑO DE 2016 (ATA A DATA DA PRESENTE CONVOCATORIA).

Xuntamente coa convocatoria da sesión achégase a relación de decretos da que se da conta na presente sesión pola Alcaldía, e se corresponden ás resolucións ditadas durante o período comprendido entre o 28 de abril do 2016 e o 21 de xuño do 2016, e que son os seguintes:

- 28-04-16 Alta Padrón de Habitantes Yannick López Araujo
- 28-04-16 Confederación Hidrográfica do Sil: Exp. CCV1-32-00233B Canón control vertidos Riocaldo
- 28-04-16 Concesión SAF Prestación Básica CLARMINDA GOMEZ MONTES
- 28-04-16 Concesión SAF Prestación Básica MARIA ALVAREZ SALGADO
- 28-04-16 Concesión SAF Prestación Básica MARIA GONZALEZ CABANELAS
- 28-04-16 Concesión SAF Prestación Básica MARIA VELOSO VELOSO
- 28-04-16 Aprobación nóminas mes de Abril 2016
- 29-04-16 Alta Padrón de Habitantes Manuel José Fernández Oliveira
- 29-04-16 Aprobación facturas mes de Abril 2016
- 29-04-16 Contratación persoal laboral temporal 7 auxiliares Axuda no Fogar
- 04-05-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria Urxente XGL día 04-05-16
- 05-05-16 DEPUTACION. BOP. Pago anuncio nº 2016/1396: Convocat.contrat. Persoal obras
- 06-05-16 Indemniz. Asistencias Concelleiros/as aos órganos de g. meses Marzo e Abril 2016
- 10-05-16 Aprobación taxas SAF ABRIL 2016
- 11-05-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria XGL día 12-05-16
- 11-05-16 Reintegro prezo público SAF prestac. básica mes Xuño 16 a José Ramón Paz Varela
- 11-05-16 Aprobación exp. XC-01-16- Convenio GES. Faixas biomasa
- 12-05-16 Autorización delegación de funcións de Secretaria en funcionaria
- 16-05-16 Promoción da lingua galega-Convenio con outros Concellos
- 18-05-16 Listaxe prov. admitidos/as e excluídos/as selec. 2 peóns serv. V.e 1 peón de obras
- 20-05-16 Designación tribunal e data proba para selección dos 3 peóns
- 20-05-16 Listaxe defv. admitidos/as e excluídos/as selec. 2 peóns serv. V.e 1 peón de obras
- 20-05-16 ORANGE: facturación Móbil Alcaldesa, mes de abril 2016
- 24-05-16 Acceso a Padrón m. de Habitantes por parte de terceiros-C Montes Serra St. Eufem.
- 24-05-16 Delegación competencias no Tenente de Alcalde, por ausencia da Alcaldía
- 31-05-16 Aprobación nóminas mes de Maio 2016
- 27-05-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria PLENO 31-05-16-Mesas electorales
- 27-05-16 Devolución aval ELECTROBEN S.C.
- 27-05-16 Exp Mod. Crédito nº 1/2016. Transf. de créditos-Acond. Poza regadío Cimadevila
- 30-05-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria XGL día 31-05-16



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

31-05-16	Subvencións actividades xuvenís- Consellería de Traballo e Benestar
31-05-16	Aprobación facturas mes de maio 2016
31-05-16	Delegación competencias no Tenente de Alcalde, por ausencia da Alcaldía
31-05-16	HACIENDA PUBLICA- Diferencia IVA 4º T. 2013
31-05-16	HACIENDA PUBLICA:Recargo modelo 349 2015
31-05-16	Contratación persoal: 2 peóns de servizos varios e 1 peón de obras.
31-05-16	Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística- denuncia
02-06-16	Devolución aval bancario a CONYEL S.L.
06-06-16	TESYS INTERNET, renovación dominio Lobios
06-06-16	Aprobación Exp. Modificación de créditos núm. TC-02/2016. Hidrolavadora GES
10-06-16	Alta padrón PAULINA RIBEIRO RODRIGUEZ e DAVIDE DA CONCEIÇÃO DA SILVA
10-06-16	Altas padrón mes de maio
10-06-16	Decreto SAF mes de MAIO
14-06-16	Baixas por oficio erro 112
14-06-16	Baixas por oficio erros 141, 142 e 143
21-06-16	Convocatoria pleno ordinario xuño

Non formulándose observacións ao respecto, os/as Sres./as Concelleiros/as danse por enterados/as.

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE ADHESIÓN AO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL NÚMERO 10 (GDR10 LIMIA-ARNOIA).

Por parte da Sra. Alcaldesa dase lectura da súa proposta en relación coa adhesión ao grupo de desenvolvemento rural número 10, GDR10 Limia-Arnoia. Explica aos presentes que o Concello de Lobios pertencía ao GDR16, e que tras unha reestruturación dos grupos, agora Lobios pasou a formar parte do GDR10.

Non habendo alegacións ao respecto, procédese logo á votación do asunto proposto sendo aprobado co voto unánime dos/as Sres./as. Concelleiros/as presentes, adoptando o seguinte acordo:

Para dar cumprimento ao establecido na Resolución de data 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo de data 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección; o Pleno da Corporación adoptou o seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. Solicitar a incorporación no Grupo de Desenvolvemento Rural número 10 (GDR10 Limia-Arnoia) e composto polos concellos de Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Bola(A), Blancos (Os), Calvos de Randín, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Muíños, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras, Vereas, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo da Limia, Xunqueira de Ambía; a todos os efectos.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

1º. COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL EN SAN PAIO

O Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, pregunta en que estado se atopa este asunto. A Sra. Alcaldesa lle responde que recentemente mantiveron unha reunión co Vicepresidente Rueda e que se puxeron en contacto co Concello os responsables das redes manifestando que se pasarán a comprobar os problemas de cobertura deficitaria ou inexistencia da mesma na zona.

2º. TELEVISIÓNS ADQUIRIDAS CO PLAN E.

O Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, pídelles explicacións á Alcaldía sobre a situación das televisións adquiridas co Plan E, segundo o manifestado pola propia Alcaldesa no seu escrito de data 14 de xuño de 2016.

A Sra. Alcaldesa manifesta que cree lembrar que esas televisións chegaron ao Concello como un extra do Plan E. Que se notificou as distintas asociacións legalmente constituídas se estaban interesadas en recollelas, informando que tiñan as televisións a súa disposición e que poderían dispoñer delas facéndose responsables das mesmas. Unicamente amosou o seu interese a Asociación de O Pereiro.

O Sr. Ferreira Ferreira entende que non había que notificar a ninguén xa que as TV eran para os locais sociais.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que eles chegaron no ano 2011 e buscaron que facer coas TV.

Preguntada polo Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, a Secretaria municipal informa que na documentación do Plan E non atopou nada referido ás televisións.

A Sra. Alcaldesa manifesta que a información de que dispón foi a facilitada polo persoal municipal.

O Sr. Ferreira Ferreira afirma que a el lle dixeron que esas TV viñeran co Plan E.

A Sra. Alcaldesa sinala que quizais a pregunta que había plantexarse era para qué se adquiriron, valorar o motivo de comprar estas TV que agora non se usan e que están depositadas na Casa Consistorial.

O Sr. Ferreira engade que haberá que darlles un uso e colocalas nos locais sociais para os que foron adquiridas.

Para a Alcaldía non ten moito sentido poñelas en locais que non se usan.

3º. SITUACIÓN DO PUNTO LIMPO

Pregunta o Sr. Ferreira por qué o punto limpo está pechado.

Infórmalle a Sra. Alcaldesa que falta a conexión eléctrica e que Fenosa encargouse de facer o proxecto deste.

Manifesta o Sr. Ferreira que xa está inaugurado.

A Alcaldía lle contesta que o punto limpo non foi inaugurado.

4º. CONTRATACIÓN PEÓNS

En relación coa selección de persoal para a contratación de peóns pregunta o Sr. Ferreira Ferreira por que non se lle deu traslado á oposición deste asunto.

Explícalle a Secretaria municipal que a aprobación das bases para a selección de persoal e a convocatoria destes procesos é unha competencia da Alcaldía que no caso do Concello de Lobios atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

Non formulándose mais preguntas por parte dos Sres. Concelleiros do grupo socialista toma a palabra a Sra. Alcaldesa para dar resposta ás preguntas formuladas polo Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, na sesión ordinaria de data 29 de abril de 2016, onde solicitaba información sobre os seguintes extremos:



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Relación de gastos do Concello na Festa dos Callos 2015.
- Relación de persoal municipal traballando na festa.
- Diñeiro recadado: importe das entradas.
- Relación de comensais: número estimado de asistentes e invitacións.
- Asociación: identificación dos seus integrantes e motivos polos que se cede a recadación das entradas e unha asociación.

Inicia a súa intervención dando lectura dos prezos que figuran na cartelería publicitaria da festa e que se publica os días previos á mesma:

Callos con cazola, empanada de raxos embutidos e postre	10,00 €
Callos sen cazola, empanada e postre	9,00 €
Ración de callos	6,00 €
Cazola de recordo	2,00 €
Viño	3,50 €
Auga e refrescos	1,00 €
Refresco ou cervexa	1,50 €

Continúa informando acerca dos datos da Asociación Cultural da Festa dos Callos e a carretada de Lobios, co CIF núm. G32452062, organizadora da festa e dos seus integrantes:

- PRESIDENTE: Albino Vázquez Álvarez
- TESOUREIRO: Javier Silva Díaz
- SECRETARIO: Domingo Veloso Silva
- VOGAIS:
 - Jorge Rodríguez Riveira
 - Rosa Ramos Pérez
 - María Almeida Fernández
 - Domingo González Lorenzo

Seguidamente informa dos gastos asumidos polo Concello e que figuran na contabilidade municipal do exercicio 2015, cuxo importe total ascendeu a 4.270,57 euros.

Polo que atinxe aos ingresos, informa a Sra. Alcaldesa que a recadación total polos menús e racións vendidas ascendeu a 6.270,50 euros, co detalle seguinte:

Menú completo	10,00 €	331	3.310,00 €
Ración de callos	6,00 €	400	2.400,00 €
Refrescos e cervexas	1,50 €	117	175,50 €
Viño	3,50 €	90	315,00 €
Auga	1,00 €	70	70,00 €

Continúa sinalando que da recadación anterior a Asociación atendeu gastos por importe de 5.921,85 euros, entre os que se inclúen a actuación da Banda de Música, o aluguer do camión de frío, aluguer de mesas e sillas, pagar ao cociñeiro e ao persoal de reforzo de limpeza dos callos, bebidas, gastos de imprenta,



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

aluguer de carpa e empanadas, bicas e pan, entre outros. Da diferenca entre o total recadado e os gastos atendidos coa recadación, resulta un remanente de 348,65 euros que, segundo a Alcaldía, podería ser destinado a mercar unha pota ou uns stands, xa que ata o de agora son empréstados polo Concello de Muíños.

Polo que atinxe a petición de información sobre as invitacións cursadas, explica a Sra. Alcaldesa que foron invitados o equipo de fútbol, a Banda de Música de Lobios, os artesáns que asisten á feira de artesanía, periodistas e fotógrafos, membros da Federación de Fútbol de Ourense, e unha serie de autoridades e cargos públicos do que se achega listado.

En relación co persoal municipal que voluntariamente colaborou o día 23 de agosto de 2015 informa a Alcaldía que foron Dna. María Almeida Fernández, Dna. Rosa Ramos Pérez e D. Celso Paz León. Concretamente, lémbrales aos/as asistentes que Dna. María Almeida Fernández colabora activamente en todas as actuacións culturais que se levan a cabo no Concello: Belén vivinte, cabalgata de Reis, Entroido, ou carretada, entre outras.

Remata a súa intervención a Alcaldía manifestando que o grupo de goberno está aberto a calquera suxestión e colaboración co grupo da oposición.

O Sr. Ferreira Ferreira pregunta se poderían dispoñer dun número de invitacións para entregar eles.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que poderían sopesar a posibilidade invitar a xente que eles propuxeran, sempre de carácter institucional. Que faciliten un listado de posibles invitados e despois xa o valorará a Corporación. Manifesta que as invitacións as cursa o grupo de goberno e que ningún familiar dos/as concelleiros/as acude como invitado.

O Sr. Concelleiro do grupo socialista, D. Manuel Fernández Vázquez, comenta que o tema dos cans soltos segue sen resolverse.

Neste punto, cando son as doce horas e cincuenta minutos, a Sra. Concelleira, Dna. Elsa Susana Pena Fernández, abandona o Salón de Plenos.

Continúa a Sra. Alcaldesa en relación co rogo plantexado polo Sr. Concelleiro, que non poden estar en todos os núcleos para ver que cans andan soltos.

Insiste o Sr. Fernández Vázquez en que ten que haber unha normativa que regule este tema para solucionalo.

A Alcaldía lle responde sobre as limitacións do Concello ao respecto. Que se paga anualmente o servizo de canceira para que recollan os cans abandonados. Que a Secretaría se porá con este tema cando as prioridades da actuación da Corporación llo permitan.

Conclúe a súa intervención a Alcaldía informando que os aseos móbiles na zona de Riocaldo xa están colocados.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión cando son as trece horas do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo